



## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (1º, 2º, 4º e 6º Primaria)

- **Ata o 2 de xullo** estará aberto o prazo para solicitar estas axudas. (**Só para libros de texto**).
- As solicitudes estarán a disposición dos pais/nais/titores legais dos alumnos na conserxería do centro ou no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>, e débense entregar en secretaría no prazo indicado.
- Terá dereito ás axudas o alumnado de E. Primaria que teña unha **renda per cápita familiar** igual ou inferior a **9.000 €** no ano 2013 segundo as seguintes contías:

Familias monoparentais:  
 Ingresos ata 6.000 € ➡ **170 €**  
 Ingresos entre 6.000,01 ata 9.000 € ➡ **90 €**

Resto das familias:  
 Ingresos ata 5.400 € ➡ **170 €**  
 Ingresos entre 5.400,01 ata 9.000 € ➡ **90 €**

- **Considéranse membros da unidade familiar:**
  - Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
  - Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
  - Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.
- Para calcular a **Renda per cápita**, súmanse os recadros **366** e **374** da Declaración da Renda de 2013 e **divídese polo número de membros** da unidade familiar. Computan por dous os membros que figuren na solicitude e teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%. (No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar).
- Xunto coa solicitude, debidamente cuberta, presentarase a seguinte documentación:
  - Libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar.
 

*No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro a 31 de decembro de 2013, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como:*

    - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
    - Certificado ou volante de convivencia.
    - Informe do Servizos Sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
  - No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse un dos seguintes documentos:
    - Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
    - Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou
    - Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
  - No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

### MOI IMPORTANTE:

- Segundo recolle o Artigo 11.1 da ORDE do 22 de maio de 2015 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto :
 

**"O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción dos libros. O solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción dos libros. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros entregados".**
- Os beneficiarios estarán **obrigados a conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos con cargo ao importe das axudas (salvo 1º e 2º curso), así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2015/16 a un fondo solidario que se constituirá no centro (banco de libros), que permita a súa reutilización nos seguintes cursos académicos.
- Para calquera dúbida pode consultar persoal ou telefónicamente na dirección do Centro.

Cariño, xuño de 2015  
O DIRECTOR,

Asdo. Antonio Caloto Balboa

